

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 21 DE NOVEMBRO DE 2024-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 21 de novembro de dous mil vinte e catro ; as nove horas e corenta minutos xuntase os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data Alcalde Don César Fernández Gil concelleiros/as: don Miguel García Domínguez, dona Yolanda Gómez Gómez, dona Mariluz Expósito Pérez.

Está presente o Secretario do Concello, Francisco Fernández Castro.
Está presente o Interventor do Concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior de 13 de novembro de 2024.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3 ESCRITOS DOS SEÑORES CIADANS.-

Escrito de dona Yolanda Gregorio Gregorio, con rexistro de entrada de 8 de novembro de 2024, no que expón:

A marquesina da parada de autobús escolar, situada ó pe da carretera, está deteriorada, rota , e cuberta nas tres cuartas partes por maleza.

E solicita:

Sexa reparada ou substituída , e tamén sexa limpado o espazo onde está.

A xunta de goberno acorda comunicar que será reparada o antes posible.

Escrito de don Joaquin Mosquera Fernández con rexistro de entrada de 11 de novembro de 2024 no que expón:

Camiño público en el pueblo de Esposende barrio de As Quintas que va desde el barrio de As Quintas saliendo a la carretera que pasa por Lentille y acaba en el pueblo de Cenllo, se encuentra en muy mal estado.

Solicita

Verifiquen dicho camino y proceder a su reparación.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento e comunicar que se intentará solucionar o antes posible.

4 CUESTIÓN ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº11/24.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº11/24, por importe de 165.523,96 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº12/24.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº12/24, por importe de 308.753,05 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

APROBACIÓN AGENDA 2030 LOCAL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA

Que, según Resolución del Ministerio de Derechos sociales y A2030 de fecha 25 de abril de 2024, la Diputación de Ourense resultó beneficiaria de una subvención por importe de 159.135,88 € para la implantación de las A2030 en entidades locales de la provincia de Ourense.

Que, según el informe del Jefe de Sección de inversiones, planificación y proyectos europeos de fecha 6 de noviembre de 2024, se ha procedido a la entrega de la A2030 MUNICIPAL del:

CONCELLO DE RIBADAVIA

La Junta de gobierno local, por unanimidad, acuerda:

-Aprobar la Agenda 2030 Local Ayuntamiento de Ribadavia.

APROBACIÓN ORZAMENTOS

A xunta de goberno local, por unanimidade, aproba:

Orzamento presentado por Sistemas Sonido e iluminación Luis Fragio Rodríguez de data 18/11/2024, número de orzamento 24-036, por importe de 1.573,00 euros en concepto de montar megafonía en rúas de Ribadavia en nadal e reis.

Orzamento presentado por Especialistas Hípica Celta SLL de data 12/10/2024, número de orzamento 1013/2024, por importe de 10.018,80 euros por tres carrozas reis magos para cabalgata día 5, carroza e xenerador con temática de carroza de sol, luna e estrela, 4 personaxes animación caballos hinchables.

A xunta de goberno acorda adherirse á Declaración Institucional da Federación Galega de Municipios e Provincias contra a violencia de xénero:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL FEGAMP-25 DE NOVIEMBRE DE 2024

DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Conmemoramos o Día Internacional para a eliminación da Violencia contra as Mulleres tendo coñecemento dunha nova muller asasinada pola súa exparella en Baiona. Condenamos este novo crime e queremos achegar o noso apoio e solidariedade à familia da vítima, ao tempo que confiamos en que o asasino sexa detido e xulgado o máis cedo posible.

Os concellos e as deputacións somos conscientes da urxencia para conseguir que a violencia que aínda sofren as mulleres polo feito de selo deixe de ser estrutural na nosa sociedade. Reafirmamos o noso compromiso para poñer fin á violencia contra as mulleres, sendo un obxectivo irrenunciable e prioritario.

Como parte activa da nosa sociedade compartimos ese compromiso, como parte do esforzo colectivo imprescindible que ten que transformar as estruturas que seguen a manter o machismo e a desigualdade dende discursos e acción negacionistas. Desgraciadamente e a pesares dos avances, é evidente o moito que queda aínda por facer.

A condena da violencia machista en todas as súas manifestacións e o traballo colectivo na construción dun presente no que ningunha muller sexa vítima desta violencia teñen que reforzarse, dende o compromiso activo que poña fin a esas actitudes patriarcais.

1.284 mulleres asasinadas por homes que eran, ou foron, as súas parellas dende 2023. 40 mulleres asasinadas no que vai de ano 2024. Máis de 95.000 denuncias presentadas por mulleres vítimas de violencia machista. Unha sociedade democrática e de Dereito debe ser incompatible cunha situación de criminalidade constante contra as mulleres. Dende a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) tamén reforzamos o noso compromiso de loita contra a violencia machista, promovendo máis coordinación entre as administracións para que as mulleres vítimas reciban a atención e apoio integral, especializado e que cubra todas as súas necesidades.

Dende o municipalismo galego facemos un chamamento para que se denuncien todas as formas de violencia contra as mulleres. Non pode haber máis silencios cómplices. Xa é tempo de que a vergoña, que ata agora recaía sobre as vítimas que sofren a violencia, cambie de bando e recaia sobre os agresores.

E sendo as dez horas e dez minutos da maña a presidencia levanta a sesión.